

Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros e alumnado matriculado en centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduMob de intercambio individual de alumnado en réxime de reciprocidade con alumnado matriculado en centros pertencentes á Région Académique de Grand Est (Francia) durante o curso 2024/2025.

As competencias lingüísticas constitúen o núcleo da construción do Espazo Europeo de Educación. Son indispensables para a mobilidade, a cooperación e o entendemento mutuo a través das fronteiras. A coexistencia de moitas linguas en Europa é un potente símbolo da aspiración da Unión Europea de estar unida na diversidade e esta fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciabile para a construción dun proxecto europeo. O dominio dunha segunda, ou mesmo, dunha terceira lingua estranxeira, converteuse por tanto nunha prioridade na educación como consecuencia do proceso de globalización en que vivimos.

En conformidade co exposto, este programa de intercambio escolar inscríbese no Acordo Marco entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa sobre os programas educativos, lingüísticos e culturais nos Centros Escolares dos dous Estados, feito en Madrid o 16 de maio de 2005 (BOE n.º 268, de 4 de novembro de 2017).

Nel recoñécese que a actividade que se desenvolve nos centros escolares ten unha particular importancia para a cooperación cultural e educativa entre os dous países, así como para promover o coñecemento e dominio das respectivas linguas e culturas.

Así mesmo, a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación recoñece a importancia de atender o desenvolvemento sustentable de acordo co establecido na Axenda 2030. Así, a educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial debe incorporar a comprensión internacional e a educación intercultural.

Por outra banda, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no punto II do seu Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, deixa constancia de que a sociedade galega no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.



No seu artigo 7, fixa como un dos seus obxectivos expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras, priorizando sempre as destrezas orais.

En consonancia con este obxectivo, esta Consellería elaborou a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, Edulingüe 2030, e detalla na liña 8 o propósito de levar a cabo *accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios*. Esta liña estratéxica contempla medidas e accións focalizadas no alumnado galego como as estadías no estranxeiro que permitan unha formación integral para o seu enriquecemento persoal, académico e profesional.

Esta estratexia alíñase coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas, quen establece entre os seus principios educar para o desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial co fomento das mobilidades de alumnado e a equidade, inclusión e igualdade de oportunidades.

Dentro do conxunto de medidas postas en marcha no curso escolar 2024/25, a mellora da competencia comunicativa e o afianzamento da internacionalización do sistema educativo constitúen os dous eixes principais de actuación, cunha ampla oferta formativa para o alumnado con estadías en ámbito internacional durante o período escolar e tamén en período non lectivo.

O obxectivo destes intercambios escolares é propiciar o coñecemento mutuo das culturas e linguas de ambos países mediante a asistencia do alumnado a centros educativos e a convivencia en familias do outro país. A estratexia Edulingüe 2030 de internacionalización da educación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, promove este tipo de accións como chave para achegar ao alumnado galego a un contexto internacional real, tanto no ámbito académico como no da convivencia diaria.

Con este obxectivo, ao alumnado galego asignaráselle un/unha homólogo/a francés/a tendo en conta, na medida do posible, as preferencias manifestadas. O alumnado galego aloxarase no domicilio dos seus homólogos durante catro semanas, acudindo ao seu centro de ensino e incorporándose ás clases fixadas no contrato de estudos. En réxime de reciprocidade, o alumnado galego acollerá no seu domicilio e no seu centro de estudos o alumnado francés durante outras catro semanas.

Cómpre sinalar que o beneficio desta experiencia non é só para o alumnado participante mais que se estende a toda a comunidade educativa dos centros que reciben nas súas aulas



alumnado estranxeiro. Estes centros anfitrións terán a posibilidade de establecer relacións de colaboración estratéxica, consolidar programas de cooperación educativa cos centros franceses; en definitiva, estreitar nexos a medio ou longo prazo a través de accións e actividades concretas a desenvolver conxuntamente.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases, en réxime de concorrencia competitiva, para seleccionar os centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia cuxo alumnado integrará as listaxes de participantes do programa *EduMob de intercambio individual en réxime de reciprocidade* durante o curso 2024/2025 con alumnado francés da *Région Académique de Grand Est* (Francia), circunscrición administrativa do *Ministère français de L'Éducation Nationale*.

Segundo. Ámbito temporal.

O período de realización terá lugar durante o curso 2024/2025.

Terceiro. Requisitos dos centros participantes.

Os centros solicitantes deberán ser un centro público de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia que conte na súa oferta académica con 1º curso de Bacharelato.

Cuarto. Requisitos do alumnado participante.

Poderá beneficiarse desta convocatoria o alumnado que durante o curso 2024/2025 estea matriculado en 1º de Bacharelato en centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado participante deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado en 1º de Bacharelato no ano académico 2024/2025.



2. Cursar Francés Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira en 1º de Bacharelato.
3. Ter unha nota media mínima de 7 no expediente da ESO.
4. Ter unha nota mínima de 7 na materia de Francés en 4º de ESO.
5. Ter cursado Francés lingua estranxeira alomenos durante catro cursos ao longo da súa escolaridade, estar en posesión dunha certificación B1 en lingua francesa e/ou contar coa aprobación do departamento de Francés do seu centro conforme conta cunha competencia lingüística en lingua francesa que lle permitirá un correcto seguimento das aulas en Francia.
6. Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI), número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou pasaporte en vigor.
7. Contar coa tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE) ou no seu defecto un seguro de saúde con cobertura para o período e destino obxecto desta convocatoria.
8. Contar coa autorización familiar conforme ao anexo I.
9. Contar cos informes favorables e o visto e prace requiridos conforme ao anexo I.
10. Aceptar os acordos e compromisos conforme ao anexo III.
11. Aceptar as bases da presente convocatoria. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da presente convocatoria.

O alumnado solicitante, que resultando seleccionado para participar no programa EduMob, non cumpra a totalidade dos requisitos a día 1 de xullo de 2024, quedará excluído do mesmo, sendo cuberta a súa praza, por rigorosa orde decrecente de puntuación, co alumnado suplente do seu centro que resulte compatible conforme á súa solicitude (anexo I) co correspondente alumnado francés.

En caso de non ser compatible, cubrirase a praza por rigorosa orde decrecente de puntuación co alumnado suplente compatible no resto de centros participantes, comezando polo que acadase a maior puntuación na resolución definitiva e seguindo por rigorosa orde decrecente de puntuación.



Quinto. Compromisos do alumnado participante.

1. O alumnado participante deberá cumprir cos requisitos estipulados no programa de intercambio e, salvo causa de forza maior, debidamente xustificada ante esta Dirección Xeral, non o poderá abandonar unha vez comezado.
2. Observar os prazos e procedementos que o seu centro determine para a xestión do programa EduMob.
3. No prazo establecido polo seu centro e co fin de elaborar o contrato de estudos para a estadía en Francia, o alumnado deberá comunicarlle a súa previsión de matrícula para o 1º curso de bacharelato durante o curso 2024/2025.
4. Durante a súa estadía no estranxeiro, o alumnado galego residirá coa familia do seu homólogo estranxeiro e asistirá a clase no centro docente do seu anfitrión ou anfitroia, garantindo así a continuidade dos obxectivos curriculares e as competencias correspondentes á etapa educativa.
5. O participación no programa é compatible con outros programas que impliquen intercambios ou mobilidades, sempre que non se comprometan as obrigas vinculadas aos mesmos.

De ser o caso, as actividades realizadas ao abeiro do programa EduMob que coincidan coas desenvolvidas noutros programas e que contén con financiamento non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

6. O alumnado deberá observar o código de conduta conforme ao anexo IV. Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía, por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:
 - a) Incumprimento das leis do país ao que viaxan.
 - b) Incumprimento da normativa do centro educativo francés no que se integra.
 - c) Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.
 - d) Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
 - e) Automedicación sen autorización médica.
 - f) Condutas disruptivas.
 - g) Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos onde se desenvolven as actividades.



7. Durante a fase de acollida, o alumnado participante deberá actuar como anfitrión do/a seu/súa correspondente, facilitando tanto os aspectos prácticos como emocionais da súa estadía.

A expulsión do programa suporalle á/ao alumna/o solicitante o pagamento de regreso, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas.

No caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, este asumirá os gastos ocasionados.

Sexto. Compromisos das familias participantes.

1. En virtude do réxime de reciprocidade, as familias do alumnado participante no intercambio comprométense a acoller no seu domicilio e integrar na vida e actividades familiares un alumno ou alumna francés(a), de maneira que tampouco suporá gasto algún o aloxamento e manutención dos seus fillos e fillas, nin a asistencia ao centro educativo no estranxeiro.
2. As familias recollerán e entregarán a/o alumna/o acollida/o no punto de encontro designado no vixésimo primeiro punto desta resolución.
3. A organización e o custo do transporte do alumnado dende o domicilio aos centros educativos correrá a cargo das familias de acollida nos dous países.
4. O alumnado español menor de 18 anos que vaia viaxar ao estranxeiro precisará ademais do DNI ou Pasaporte en vigor, unha declaración asinada de permiso de viaxe fóra do territorio nacional.

No caso do alumnado estranxeiro, menor de idade, que resida en España, os seus representantes legais deberán acudir ás súas autoridades consulares para cumprimentar a documentación que proceda conforme á súa lexislación nacional.

5. No caso do alumnado que mostrase condutas graves de indisciplina ou tivese que abandonar a actividade por causas non imputables á administración educativa, a súa familia deberá correr cos gastos que se deriven desta circunstancia.
6. As familias aceptarán os compromisos estipulados no programa de intercambio, deixando constancia nas autorizacións e consentimentos pertinentes debidamente



asinados polos pais, nais ou representantes legais do alumnado participante, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería. Esta documentación entregárase nos respectivos centros educativos no momento da solicitude, na forma e termos especificados no punto décimo terceiro.

7. As familias facilitarán información relativa ás condicións de saúde das súas fillas e fillos e autorizarán a transmisión da mesma á familia de acollida correspondente conforme ao anexo III.
8. As familias asinarán o contrato de estudos elaborado entre o centro de acollida e o centro de orixe, conforme ao anexo VI.

Sétimo. Compromisos dos centros educativos.

1. A solicitude de participación do centro no programa EduMob deberá estar aprobada polo Consello Escolar, oído o Claustro. En caso de resultar beneficiario, recollerase a participación, planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual do curso 2024/2025.
2. A participación no programa EduMob é compatible coa participación noutros programas de intercambio organizados por esta Consellería, coa excepción do programa Picasso Mob. En caso de solicitar ambos programas e resultar beneficiario nos dous, durante o prazo correspondente deberán renunciar a participar nun deles mediante notificación a esta Dirección Xeral. En caso de non facelo, quedarán excluídos naquel que obtivesen o posto máis baixo na listaxe provisional de centros seleccionados e a menor puntuación.
3. O centro educativo deberá difundir entre a súa comunidade educativa, publicando no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro, a súa intención de participación no programa EduMob durante o curso 2024/2025. No seu anuncio deberá indicar:
 - a) características máis destacables do programa
 - b) público a quen vai dirixido
 - c) procedemento e criterios de selección
 - d) documentación que o alumnado debe presentar



4. O centro educativo será o encargado de seleccionar o alumnado solicitante, sinalando se é admisible ou non admisible, segundo os requisitos especificados no punto cuarto.
5. O centro educativo será o encargado de clasificar o alumnado admisible segundo os criterios de clasificación especificados no punto décimo quinto.
6. O centro educativo deberá publicar en lugar visible os requisitos de participación, os criterios de clasificación e a listaxe numerada de alumnado admisible clasificado, seguindo a orde de maior a menor puntuación obtida.

A Lei de Transparencia e Acceso á Información Pública e Bo Goberno determina a obriga de facer pública, a información relativa a subvencións e axudas públicas. Nos centros educativos poderanse publicar listaxes de solicitudes admitidas, notas e calquera outra información similar nos taboleiros de anuncios de centro, cando esta información deba estar dispoñible de forma pública.

En ningún caso se debe publicar o nome e apelidos de xeito conxunto co número completo do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente; poderase publicar o nome, apelidos e ata un máximo de 4 cifras do DNI de xeito aleatorio. De seren varios os requisitos a valorar, poderíase publicar o resultado total e non a parcial de cada un dos requisitos.

Cando as listaxes xa non resulten de utilidade deberán retirarse.

7. Designarase de entre o claustro a persoa referente para o alumnado francés, que actuará igualmente como interlocutora co centro de destino en representación do centro de orixe.
8. Os centros educativos, a través das persoas referentes e en colaboración cos centros de acollida, encargaranse de reflectir nos contratos de estudos individualizados os aspectos organizativos do intercambio do alumnado galego planificando as actividades educativas e extraescolares que consideren oportunas segundo o anexo VI.
9. Os centros educativos designarán unha persoa de entre o claustro, que poderá ser a referente, para que acompañe o alumnado ata o punto de entrega en Francia, reincorporándose ao seu posto de traballo no centro de orixe á maior brevidade posible.



10. Ao final da estadía, a mesma persoa, ou outra de entre o claustro, designada polo centro educativo, desprazarase ata o punto de recollida en Francia para recoller o alumnado e acompañalo na viaxe de volta a Galicia.
11. Os centros deberán subscribir un seguro de viaxe, así como unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado durante a súa estadía no estranxeiro.
12. Os centros seleccionados deberán concretar as medidas necesarias para a integración do alumnado estranxeiro na vida educativa do centro durante a súa estancia en Galicia e contribuirán a que sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa.
13. Ao remate do programa, os centros participantes deberán facer unha avaliación final nos termos que estableza esta Dirección Xeral.
14. Os centros participantes terán competencia para establecer os mecanismos de xestión do programa non previstos nesta resolución.

Octavo. Dotación económica.

1. O financiamento das achegas para o programa de intercambio presencial en concepto de compensación de gastos efectuarase con cargo á partida orzamentaria 37.03.423A.229 por un importe máximo de 15.000 €.
2. Cada centro seleccionado para o programa de intercambio individual recibirá a cantidade de 300 € por cada alumna/o participante e a cantidade de 1.000 € para o total do profesorado acompañante. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 2.800 €.
3. A dotación económica determinada será transferida á conta bancaria do centro participante no período correspondente ao exercicio económico 2024. O importe concedido a cada centro destinarase a sufragar gastos de transporte, seguro de viaxe e póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado e de transporte e aloxamento do profesorado; gastos que serán debidamente xustificadas e imputables á participación neste programa.



4. Os gastos derivados do intercambio deberán realizarse no curso 2024/2025 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, segundo as instrucións que estableza esta Dirección Xeral. As facturas correspondentes custodiaranse nos centros educativos e poderán ser requiridas por dita Dirección Xeral.

5. A non entrega da xustificación de gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.

6. De ser o caso, o centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida que non servise a sufragar gastos especificados no alínea 3 do sexto punto segundo as instrucións que estableza esta Dirección.

Noveno. Solicitudes dos centros e prazo de presentación.

1. Os centros interesados en participar no programa EduMob de intercambio individual presentarán unha única solicitude, facendo chegar a seguinte documentación:

1. Anexo V. Solicitude do centro e candidaturas do alumnado.
2. Anexos I e III para cada candidatura presentada.

O envío dirixirase á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A) [<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica>].

2. A solicitude deberá identificarse – no campo *asunto relacionado*- coa denominación *EduMob – SIPE*.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días naturais, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>). Se o último día de prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.



Décimo. Criterios de selección dos centros participantes

Os centros serán seleccionados conforme os seguintes criterios e puntuación:

1. Centros situados en concellos rurais, ata 1 punto , segundo o establecido a seguir:
 - a) Concellos de menos de 1.000 habitantes: 1 punto.
 - b) Concellos de entre 1.001 e 3.000 habitantes: 0,75 puntos.
 - c) Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes: 0,50 puntos.
 - d) Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes: 0,25 puntos
2. Por contar con programas de plurilingüismo : 5 puntos.
3. Por contar con seccións bilingües no centro en funcionamento durante o curso 2023/2024 (máximo 3 puntos).
 - a) 1 ou 2 seccións : 1 punto.
 - b) De 3 a 5 seccións : 2 puntos.
 - c) Máis de 5 seccións: 3 puntos.
4. Pola participación no programa CUALE durante o curso 2023/2024: 0,10 puntos por cada modalidade (máximo 1 punto).
5. Pola participación en *Intercambios Escolares EduExchanges* no curso 2023/2024: 1 punto.
6. Pola participación en *Intercambios Escolares EduFrance* no curso 2023/2024: 1 punto.

Décimo primeiro. Procedemento de valoración das solicitudes dos centros.

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión, composta de cinco membros, que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada polas persoas titulares da do Servizo de Innovación e Programas Educativos e do Servizo de Apoio Económico, así como por



- unha persoa asesora técnica da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen realizará as funcións de secretaria.
2. A comisión de selección realizará unha selección dos centros solicitantes conforme aos criterios que figuran no apartado décimo da presente convocatoria.
 3. En caso de producirse un empate, dirimirase atendendo aos seguintes criterios:
 - a) Centro con maior número de alumnado solicitante.
 - b) Maior puntuación no criterio 1.
 - c) Maior puntuación no criterio 2.
 - d) Maior puntuación no criterio 3.

Décimo segundo. Distribución de prazas.

As prazas asignaranse por rigorosa orde decrecente de puntuación obtida segundo os criterios do punto décimo.

O número de prazas dispoñibles estará supeditado aos seguintes aspectos:

- a) o número de alumnado e centros educativos franceses seleccionados na convocatoria homóloga da *Région Académique de Grand Est* (Francia)
- b) o número de solicitudes de centro e alumnado ás que, atendendo á partida orzamentaria 37.03.423A.229 por un importe máximo de 15.000 €, se lles poidan asignar as contías especificadas no punto 8.2.

Décimo terceiro. Solicitudes do alumnado e prazo de presentación.

1. O alumnado interesado en participar no programa *EduMob de intercambio individual* presentará no seu centro unha única solicitude que incluírá a seguinte documentación debidamente cuberta:
 - a) Anexo I. Solicitude de participación
 - b) Anexo II. Baremo, achegando a documentación acreditativa dos méritos alegados que non consten na secretaría do centro.



- c) Anexo III. Declaración de datos de saúde
 - d) Anexo IV. Condicións de participación e obrigas
2. A participación no programa é compatible con outros programas que impliquen intercambios ou mobilidades, sempre que non se comprometan as obrigas vinculadas aos mesmos.
 3. O prazo de presentación das solicitudes do alumnado comezará ao día seguinte da publicación da presente resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e rematará o día que estipule cada centro, de maneira que este conte con tempo suficiente para a recepción e valoración das solicitudes do alumnado, así como para a presentación da solicitude do centro nos termos estipulados no punto noveno.

Décimo cuarto. Procedemento de valoración das solicitudes do alumnado.

1. Cada centro valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión, composta de cinco membros:
 - a) persoa titular da dirección, ou membro do equipo directivo en quen delegue, que exercerá a presidencia.
 - b) persoa que exerce a xefatura do Departamento de Francés, ou membro do Departamento en quen delegue, que realizará as funcións de secretaría.
 - c) persoa que exerza a presidencia da xunta de alumnado delegado, ou membro da xunta en quen delegue.
 - d) persoa representante das familias, de entre os membros do Consello Escolar.
 - e) membro do claustro que non imparta clase en 4º ESO no presente curso.

Será incompatible formar parte da comisión de selección cando se pertenza á mesma unidade familiar que algunha das persoas solicitantes.

2. A comisión realizará unha selección do alumnado solicitante conforme aos requisitos establecidos no punto cuarto e clasificarao en base aos criterios que figuran no punto décimo quinto da presente convocatoria.



3. En caso de producirse un empate, dirimirase atendendo aos seguintes criterios:
 - a) Maior puntuación no criterio 5.
 - b) Maior puntuación no criterio 6.
 - c) Maior puntuación no criterio 1.
 - d) Maior puntuación no criterio 2.

Décimo quinto. Criterios de selección do alumnado participante e distribución de prazas.

1. Clasificarase a totalidade das candidaturas recibidas, atendendo á puntuación total obtida por cada alumna ou alumno que resulte de aplicar o baremo establecido no anexo II, de maior a menor puntuación obtida.
2. O número máximo de candidaturas de alumnado seleccionadas e presentadas a esta Dirección Xeral por cada centro será de seis.
3. As candidaturas admisibles clasificadas a partir da sétima posición figurarán na listaxe publicada como suplentes.
4. O número de prazas finalmente ofertadas estará supeditado ao número de candidaturas de alumnado seleccionadas nos centros educativos franceses participantes na convocatoria homóloga da *Région Académique de Grand Est* (Francia).
5. As prazas asignaranse por rigorosa orde decrecente de puntuación, obtida segundo os criterios sinalados no punto décimo.
6. Asignarase praza á totalidade do alumnado dun centro antes de asignar praza a alumnado do seguinte.

Décimo sexto. Listaxe de alumnado seleccionado.

Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes a comisión de selección establecida no punto décimo cuarto, fará pública a listaxe do alumnado seleccionado en lugar visible do centro e indicará na súa páxina web onde foi pendurada.



Décimo sétimo . Resolución provisional de centros seleccionados.

De xeito consensuado coa DRAREIC da Région Académique Grand Est, acordarase o número de prazas finalmente ofertadas.

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisional no portal educativo da Xunta de Galicia (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>) dos centros seleccionados e dos centros excluídos do programa EduMob de intercambio individual.
1. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Décimo octavo. Resolución definitiva de centros seleccionados.

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas, estas asignarase por rigurosa orde de baremo publicado aos centros suplentes.
2. A comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes.
3. A resolución definitiva dos centros seleccionados, dos centros suplentes e dos centros excluídos publicarase no portal educativo, indicando o número de prazas asignadas a cada centro.
4. No caso de recibir algunha renuncia tras a publicación da resolución definitiva e non cubrirse a totalidade das prazas, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá ofertar as prazas vacantes aos centros suplentes seguindo a orde do baremo publicado co fin de resultar as mínimas vacantes desertas.
5. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos



artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os centros interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo noveno. Correspondencias.

1. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, en colaboración coa DRAREIC de Grand Est, establecerá as correspondencias de alumnado en base ao manifestado por este no anexo I. Solicitude.
2. Esta Dirección facilitará aos centros seleccionados a información relativa ás correspondencias do seu alumnado e do profesorado referente dos centros franceses asociados.
3. Os centros serán os encargados de comunicar por escrito estas correspondencias ás familias. Facilitaráselles copia da solicitude e da ficha de saúde da/o alumna/o asignada/o, deixando constancia da entrega.

Vixésimo. Contrato de estudos e avaliación do alumnado.

O alumnado seleccionado, no prazo establecido polo seu centro, comunicarlle a este as materias que cursará en 1º curso de Bacharelato.

As persoas referentes do centro de orixe e destino levarán a cabo as xestións necesarias para establecer os contratos de estudos do seu alumnado.

Os contratos redactaranse tomando como modelo o anexo VI e facendo as adaptacións precisas para axustarse á realidade de cada centro. Deberán ser asinados en tres exemplares polas persoas directoras dos centros de orixe e acollida e polas/os representantes legais do alumnado. Entregaráselle un exemplar a cada asinante, e enviarase copia dixital a esta Dirección Xeral, sempre con anterioridade ao comezo das mobilidades.



O alumnado será obxecto de seguimento académico e persoal durante a súa estadía en Francia. Ao remate da mesma, deberá entregar no centro de acollida o *anexo VII. Informe de avaliación*, para que o profesorado reflecta apreciacións sobre os seus progresos. A continuación, en colaboración co docente referente, deberá facerllo chegar ao seu profesorado galego, quen, en función do recollido no contrato de estudos previo, poderá telo en conta para a avaliación da súa progresión académica.

O centro galego deberá, á súa vez, realizar un seguimento semellante e, de ser requirido, cumprimentar a documentación aportada polo alumnado francés.

Vixésimo primeiro. Mobilidades.

As datas das mobilidades, acordadas entre as administracións educativas de ambos países, son as seguintes:

- Mobilidade saínte (estadía en Francia) : do 16/09/2024 ao 11/10/2024
- Mobilidade entrante (acollida en Galicia) : do 28/10/2024 ao 22/11/2024

Os desprazamentos realizaranse durante a fin de semana anterior e posterior. As familias de acollida de ambos países serán as encargadas de desprazarse ata os puntos de entrega e recollida fixados.

O alumnado galego viaxará acompañado por un(ha) docente do seu centro. O punto de entrega e recollida do alumnado será a *gare SNCF* de Nancy.

O punto de recollida e entrega do alumnado francés será o aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro.

Os centros encargaranse da xestión dos desprazamentos do alumnado e profesorado acompañante, así como do aloxamento deste último se fose preciso.

Vixésimo segundo. Certificación de participación do alumnado.

Unha vez rematado o intercambio e entregada a documentación requirida, o alumnado participante recibirá un certificado de participación na actividade.

Vixésimo terceiro . Certificación de participación do profesorado.



Unha vez rematado o intercambio e entregada a documentación requirida, o profesorado referente do programa recibirá un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Vixésimo cuarto. Datos de carácter persoal.

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.
3. Os datos serán comunicados ás entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos de identificación das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e os centros educativos participantes deberán destruír os formularios e datos de saúde facilitados no ámbito deste programa no mes inmediatamente posterior ao remate da mobilidade.
6. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da





Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

7. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela,

Judith Fernández Novoa

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

